

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto e, en particular, as disposicións seguintes:

a) A Orde do 4 de marzo de 1976, pola que se ditan normas para a execución do establecido polo Convenio internacional sobre a responsabilidade civil derivada de danos debidos á contaminación das augas do mar por hidrocarburos.

b) A Orde do 24 de febreiro de 1977, sobre despacho e navegación de buques que transporten como carga hidrocarburos a granel.

c) A Orde do 31 de decembro de 1977, pola que se dan normas para a aplicación da Orde do 24 de febreiro de 1977, sobre despacho e navegación de buques que transporten como carga hidrocarburos a granel.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para ditar instrucións.*

A Dirección Xeral da Mariña Mercante e a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións ditarán, no ámbito das súas respectivas competencias, as instrucións de servizo que resulten necesarias para a aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 10 de setembro de 2004.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARIATERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

16443 *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social.* («BOE» 229, do 22-9-2004.)

Advertidos erros no Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 8 en lingua galega, do 1 de xullo de 2004, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 1438, segunda columna, no segundo parágrafo do preámbulo, onde di: «... modificaron parcialmente o Regulamento xeral de recadación», debe dicir: «... modificaron parcialmente o Regulamento xeral de recadación do 6 de outubro de 1995».

Na páxina 1449, primeira columna, no artigo 33.4.b), onde di: «... ingrese polo menos un terzo da débeda antes...», debe dicir: «... ingrese polo menos un terzo desta última antes...».

Na páxina 1466, segunda columna, no número 5 do artigo 102, onde di: «... para a súa anotación preventiva no rexistro da localidade correspondente», debe dicir: «... para a súa anotación preventiva no Rexistro de Bens Mobles correspondente á localidade».

Na páxina 1466, segunda columna, no parágrafo cuarto do número 6 do artigo 102, onde di: «... libro de buques do Rexistro Mercantil...», debe dicir: «... a sección primeira do Rexistro de Bens Mobles...».

Na páxina 1467, segunda columna, no primeiro parágrafo do número 2 do artigo 105, onde di: «... no libro especial correspondente...», debe dicir: «... no libro de inscricións correspondente...».

XEFATURA DO ESTADO

16642 *REAL DECRETO LEI 7/2004, do 27 de setembro, polo que se concede un crédito extraordinario por importe de 2.500.034.925 euros para atender ao pagamento da liquidación do sistema de financiamento para o período 1997-2001 correspondente á Comunidade Autónoma de Andalucía, e se adoptan disposicións sobre a débeda de Renfe e o aval do Estado ao préstamo outorgado á República Arxentina.* («BOE» 224, do 28-9-2004.)

Este real decreto lei ten como finalidade a adopción de medidas de natureza diversa encamiñadas a resolver determinadas situacións con incidencia orzamentaria ou nas finanzas públicas, asociadas á liquidación definitiva do sistema de financiamento da Comunidade Autónoma de Andalucía, o aval do Estado ao préstamo á República Arxentina e o recoñecemento polo Estado de débeda da Rede Nacional de Ferrocarrís Españóis, que requiren unha solución urxente.

A Comunidade Autónoma de Andalucía non adoptou como propio o sistema de financiamento aplicable ao quinquenio 1997-2001, aprobado polo Consello de Política Fiscal e Financeira o 23 de setembro de 1996.

Para atender de forma provisional durante ese quinquenio ás necesidades de financiamento dos servizos asumidos pola comunidade autónoma, a Administración xeral do Estado aboou, de conformidade co establecido nas leis de orzamentos xerais do Estado de cada un dos anos, unhas entregas á conta da liquidación definitiva do sistema.

Finalmente, a Comisión Mixta Estado-Comunidade Autónoma de Andalucía alcanzou un acordo, subscrito o 10 de xuño de 2004, polo que se determinan as bases do sistema de financiamento do quinquenio 1997-2001 que lle corresponde á Comunidade Autónoma de Andalucía, así como a correspondente liquidación.

A dita liquidación presenta un saldo a favor da Comunidade Autónoma de Andalucía de 2.500.034.925 euros, como diferenza entre o financiamento definitivo que resulta dos criterios recollidos no acordo e as entregas á conta pagadas á comunidade autónoma.

O indicado importe debe ser satisfeito pola Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Andalucía neste exercicio.

En efecto, tras a publicación das sentenzas da Audiencia Nacional e do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid relativas ao financiamento da Comunidade Autónoma de Andalucía para o quinquenio 1997-2001 e tras as sucesivas negociacións coa comunidade autónoma que foron impulsadas recentemente, alcanzouse finalmente unha

solución ao financiamento da comunidade autónoma para o quinquenio 1997-2001. Logrado o acordo, resulta necesario dispor no menor tempo posible dos mecanismos para levalo a efecto de forma rápida, dado o atraso acumulado no peche deste financiamento cos conseguintes prexuízos para a suficiencia financeira da comunidade autónoma que iso supón, o que orixina a concesión dun crédito extraordinario pola cantidade indicada.

Na concesión do crédito extraordinario exceptúanse os artigos 16 da Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria, e 50.1 e 55.1 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Esta alteración singular e extraordinaria vén motivada pola existencia dunha necesidade igualmente extraordinaria e urxente, a de proceder á liquidación definitiva do sistema de financiamento da Comunidade Autónoma de Andalucía durante o quinquenio 1997-2001, que en razón da súa contía e por nacer a obriga do propio real decreto lei non pode ser atendida empregando os instrumentos e procedementos que as citadas leis prevén con carácter xeral e ordinario.

Con independencia do crédito extraordinario a que se fixo referencia, o real decreto lei regula a forma de financiamento das modificacións orzamentarias que deban realizarse, se é o caso, para atender ao pagamento das obrigas derivadas da execución do aval concedido polo Estado se Arxentina non devolve o préstamo concedido polo Instituto de Crédito Oficial (ICO).

No momento actual púxose de manifesto a non atención, por parte da República Arxentina, dos seus compromisos vencidos, tanto de devolución do principal do préstamo como do pagamento de xuros, o que ocasiona que o Estado, en execución do aval, lle deba aboar ao ICO os pagamentos non realizados pola República Arxentina.

Para estes efectos figura dotado nos orzamentos xerais do Estado o crédito 24.04.612D.351, «Cobertura de riscos en avais prestados polo Tesouro», que se encontra entre os relacionados no anexo II, «Créditos ampliables», da Lei 61/2003, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2004, e cuxa ampliación lle corresponde autorizar ao ministro de Economía e Facenda, en aplicación do disposto no artigo 62 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Dada a contía do préstamo e a obrigatoriedade para o Estado de responder con prontitude aos pagamentos que derivan da execución do aval, considérase que ás ampliacións de crédito que se autoricen por acordo do ministro de Economía e Facenda non debe aplicárselles o disposto no artigo 16 da Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria, e os artigos 50 e 54.3 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, respecto do seu financiamento con Fondo de Continxencia.

En canto á asunción de débeda da Rede Nacional dos Ferrocarrís Españóis (Renfe), a próxima entrada en vigor da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, aconsella a asunción de parte da débeda actual de Renfe, co obxecto de que a constitución das entidades públicas empresariais Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF) e Renfe-Operadora non se vexa lastrada nin polo endebedamento captado para financiamento de liñas que se van integrar no patrimonio do Estado, de acordo co previsto na disposición adicional primeira da citada lei, nin polo que trae causa da débeda do Estado para con Renfe derivada da falta de consignación suficiente nos orzamentos xerais do Estado para as obrigas derivadas do anterior estatuto de Renfe do ano 1964 e nas liquidacións dos contratos-programa 1994-1998 e 1999-2000, así como as determinadas, a partir do exercicio 2001, tomando como referente os criterios fixados para a liquidación do contrato-programa 1999-2000.

Neste sentido, este real decreto lei cifra o 31 de decembro de 2003 a denominada débeda do Estado con Renfe en 3.659.000.000 de euros, ben que prevé que a súa

liquidación definitiva se realice sobre a base das contas anuais auditadas pola Intervención Xeral da Administración do Estado o 31 de decembro de 2004.

Por outra parte, a disposición adicional primeira da citada Lei 39/2003, do 17 de novembro, prevé que as liñas que estean sendo administradas pola entidade pública empresarial Renfe deixarán de pertencer ou estar adscritas a esta e integraranse no patrimonio do Estado, coa excepción da denominada liña de alta velocidade Madrid-Sevilla, que pasará a ser de titularidade do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias a partir da entrada en vigor da lei.

En cumprimento da citada norma, prevese a asunción da débeda resultante da compensación do valor do intercambio de activos sobre a base do valor neto dos activos o 31 de decembro de 2004, a cal, no momento actual, se estima en 1.800.000.000 de euros, resultado dun valor de entrega de activos por parte de Renfe ao Estado por valor de 2.600.000.000 de euros e minorado en 800.000.000 de euros do valor contable da liña de alta velocidade Madrid-Sevilla que o Estado lle transfere ao administrador de Infraestruturas Ferroviarias. Non obstante, a determinación exacta será efectuada polo Ministerio de Fomento, logo de informe de control financeiro que vai ser efectuado pola Intervención xeral da Administración do Estado.

Na aprobación das medidas que se conteñen neste real decreto lei concorren as circunstancias extraordinarias de urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda, oído o Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 24 de setembro de 2004,

DISPONGO:

Artigo 1. *Asunción polo Estado da liquidación do sistema de financiamento coa Comunidade Autónoma de Andalucía.*

Asúmese como obriga exigible do Estado o pagamento á Comunidade Autónoma de Andalucía da liquidación definitiva do sistema de financiamento da dita comunidade autónoma aplicable ao quinquenio 1997-2001, segundo o acordado, con data do 10 de xuño de 2004, na Comisión Mixta de Transferencias Administración do Estado-Comunidade Autónoma de Andalucía prevista na disposición transitoria segunda do seu Estatuto de autonomía.

Artigo 2. *Concesión dun crédito extraordinario.*

Para atender ás obrigas a que se refire o artigo 1, concédese un crédito extraordinario ao Orzamento en vigor da sección 32, «Entes territoriais», servizo 18, «Dirección Xeral de Fondos Comunitarios e Financiamento Territorial. Varios», programa 911.B, «Transferencias a comunidades autónomas por participación nos ingresos do Estado», capítulo IV, «Transferencias correntes», artigo 45, «Transferencias correntes a comunidades autónomas», concepto 450, «Liquidación definitiva do sistema de financiamento da Comunidade Autónoma de Andalucía para o quinquenio 1997-2001», por importe de 2.500.034.925 euros.

Artigo 3. *Financiamento do crédito extraordinario.*

1. Queda sen efecto, respecto do financiamento do crédito extraordinario a que se refire o artigo anterior, o disposto no artigo 16 da Lei 18/2001, do 12 de decembro,

xeral de estabilidade orzamentaria, e os artigos 50.1 e 55.1 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

2. O crédito extraordinario que se concede no artigo anterior financiarase con débeda pública.

Artigo 4. Aval do Estado ao préstamo do ICO á República Arxentina.

As ampliacións de crédito que, se é o caso, teñan que realizarse para atender ao pagamento de obrigas derivadas da execución do aval outorgado polo Estado ao préstamo concedido polo ICO á República Arxentina financiaranse con Débeda Pública, e non resultará de aplicación, para estes efectos, o disposto no artigo 16 da Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria, e os artigos 50 e 54.3 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Artigo 5. Asunción polo Estado de débeda da Rede Nacional dos Ferrocarrís Españóis (Renfe).

O Estado asume, con efectos do 1 de novembro de 2004, débeda da entidade pública empresarial Rede Nacional dos Ferrocarrís Españóis (Renfe) por un importe nominal máximo de 3.659.000.000 de euros, que equivale ao valor contable das insuficiencias das consignacións orzamentarias rexistradas ata o 31 de decembro de 2003, cuxa composición se recolle no anexo I. No anexo II detállase a relación de débedas concretas de Renfe que asume o Estado, con efectos do 1 de novembro de 2004, por este concepto.

Unha vez aprobadas as contas da entidade pública empresarial Renfe do exercicio 2004, e verificadas pola Intervención Xeral da Administración do Estado, practicarase a liquidación definitiva que resulte do peche do citado exercicio.

Así mesmo, o Estado asume, con efectos do 31 de decembro de 2004, débeda da entidade pública empresarial Renfe polo importe nominal equivalente ao valor neto contable o 31 de decembro de 2004 dos activos de infraestrutura da rede convencional, unha vez deducido o valor contable da infraestrutura da liña Madrid-Sevilla pertencente ao patrimonio do Estado, de acordo co contemplado na disposición adicional primeira da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, e cuxa estimación inicial figura no anexo I. No anexo III detállase unha estimación inicial da relación de débedas concretas de Renfe que asume o Estado, con efectos do 31 de decembro de 2004, por este concepto.

Unha vez realizada, polo Ministerio de Fomento e logo de informe de control financeiro realizado pola Intervención Xeral da Administración do Estado, a cuantificación exacta do valor contable dos ditos activos o 31 de decembro de 2004, o Ministerio de Economía e Facenda practicarase a liquidación que resulte necesaria pola diferenza entre o valor nominal da suma das débedas relacionadas no anexo III e a citada cuantificación.

Os xuros e gastos asociados ás débedas citadas nos parágrafos anteriores serán por conta de Renfe ata a data de asunción daquelas.

Con independencia das datas de asunción das débedas, Renfe continuará realizando, con carácter transitorio e ata o momento en que mediante resolución da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira así se determine, cantas xestións sexan necesarias para satisfacer por conta do Estado os fluxos de caixa asociados ás ditas débedas. Durante este período transitorio, os posibles desembolsos realizados por Renfe reintegraranse á dita entidade mediante as correspondentes liquidacións mensuais da forma que determine o Ministerio de Economía e Facenda.

Disposición adicional única. *Medidas para o cumprimento do artigo 5.*

O Ministerio de Economía e Facenda adoptará as medidas administrativas, orzamentarias e contables necesarias para dar cumprimento ao disposto no artigo 5 deste real decreto lei.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, 27 de setembro de 2004.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

ANEXO I

A) Composición da débeda do Estado con Renfe e determinación do saldo neto das insuficiencias das consignacións orzamentarias o 31 de decembro de 2003:

	Millóns de euros
Os déficits sen consignación orzamentaria anteriores a 1994	2.945
Subvencións á explotación C-P 1994-1998 ..	147
Subvención Plan RRHH (prexubilacións) ...	302
Amortización financeira de créditos, diferenzas de cambio por préstamos xa liquidados e aplicación dos superávits de xestión ...	392
Incentivos Proximidades C-P 1988-1991	53
Estado debedor o 31/12/2003	3.839
Aplicación do superávit de xestión correspondente ao exercicio 2003	(180)
Saldo neto das insuficiencias de consignacións orzamentarias ata o 31 de decembro de 2003	3.659

B) Estimación do intercambio de activos o 31 de decembro de 2004:

O valor neto contable estimado do intercambio de activos o 31 de decembro de 2004, coincidente coa débeda que asume o Estado, estímase en 1.800 millóns de euros, segundo a seguinte composición:

	Millóns de euros
Inmovilizado material neto e obra en curso cedida	3.014
Subvencións afectas ás obras e activos cedidos	-414
Valor neto do inmovilizado cedido	2.600
Valor neto dos activos da liña de alta velocidade Madrid-Sevilla procedentes do patrimonio do Estado	(800)
Débeda financeira que asume o Estado=Valor neto contable do intercambio de activos ...	1.800

ANEXO II

Relación de débedas de Renfe que o Estado asume con efectos do 1 de novembro de 2004

Clase de débeda	Importe asumido — Euros	Tipo de referencia — Porcentaxe	Primeiro ou único período de amortización	Último período de amortización
Obrigas	492.829.962,40			
OB.Renfe cupón 9,55 % Vcto. 2005	60.101.212,00	9,55	2005	
OB.Renfe marzo 1996	180.303.660,00	9,70	2006	
OB.Renfe Vcto. 2009	60.101.212,00	9,95	2009	
OB.Renfe xullo 1995	36.060.727,20	10,00	2010	
OB.Renfe Vcto. 2024 cupón 10,50 %	48.080.969,60	10,50	2024	
OB.Renfe Vcto. 2024	90.151.818,00	9,90	2009 (1)	2024
OB.Renfe Vcto. 2024 cupón 10,55 %	18.030.363,60	10,55	2024	
Préstamos en euros	3.041.163.920,06			
Ahorro Corporación Financiera (2)	240.404.841,76	9,17	2006	
Banco Bilbao Vizcaya Argentaria	300.506.052,20	Euribor + 0,0775	2007	
DEPFA-Bank Europe PLC	250.000.000,00	Euribor + 0,09	2008	
Instituto de Crédito Oficial	150.253.026,10	Euribor + 0,07	2008	
DEPFA-Bank Europe PLC	250.000.000,00	Euribor + 0,09	2009	
DEPFA-Bank Europe PLC	400.000.000,00	Euribor + 0,069	2010	
DEPFA-Bank Europe PLC	300.000.000,00	Euribor + 0,08	2011	
Instituto de Crédito Oficial	500.000.000,00	Euribor + 0,095	2011	
Banco Bilbao Vizcaya Argentaria	300.000.000,00	Euribor + 0,0625	2012	
Banco Bilbao Vizcaya Argentaria	350.000.000,00	Euribor + 0,075	2012	
Obrigas de pagamento	125.170.000,00			
ES05001926A5	111.005.000,00	(3)	2005	
ES05001926V1	8.000.000,00	(3)	2005	
ES05001926K4	5.400.000,00	(3)	2005	
ES05001926L2	750.000,00	(3)	2005	
ES05001926R9	15.000,00	(3)	2005	
Total xeral	3.659.163.882,46			

(1) Amortización anticipada a opción do tedor.

(2) O Estado asume a permuta financeira vinculada a esta operación de crédito nas condicións pactadas con CSFB e incluída no contrato de préstamo con Ahorro Corporación Financiera.

(3) Rendemento implícito.

ANEXO III

Relación de débedas de Renfe que o Estado asume con efectos do 31 de decembro de 2004

Clase de débeda	Importe asumido — Euros	Tipo de referencia — Porcentaxe	Primeiro ou único período de amortización	Último período de amortización
Préstamos en euros	1.766.544.664,58			
Banco Europeo de Investimentos	4.957.220,65	8,65	2005	2006
Banco Europeo de Investimentos	14.407.747,67	Variable BEI	2005	2006
Banco Europeo de Investimentos	27.318.732,02	9,09	2005	2009
Banco Europeo de Investimentos	25.952.795,40	11,19	2005	2009
Banco Europeo de Investimentos	65.564.956,84	3,89	2005	2012
Banco Europeo de Investimentos	44.594.188,52	3,89	2005	2012
Banco Europeo de Investimentos	26.339.628,67	3,89	2005	2012

Clase de débeda	Importe asumido - Euros	Tipo de referencia - Porcentaxe	Primeiro ou único período de amortización	Último período de amortización
Banco Europeo de Investimentos	47.527.688,68	3,89	2005	2012
Banco Europeo de Investimentos	21.854.985,62	Variable BEI	2005	2012
Banco Europeo de Investimentos	21.854.985,62	11,55 (1)	2005	2012
Banco Europeo de Investimentos	43.830.610,76	3,89	2005	2012
Banco Europeo de Investimentos	88.922.472,72	Variable BEI	2005	2014
Banco Europeo de Investimentos	102.308.651,41	Variable BEI	2005	2014
Banco Europeo de Investimentos	84.110.000,00	Variable BEI	2007	2017
Banco Europeo de Investimentos	72.000.000,00	Variable BEI	2008	2018
Banco Europeo de Investimentos	500.000.000,00	Variable BEI	2011	2023
Banco Europeo de Investimentos	400.000.000,00	Variable BEI	2009	2024
Banco Europeo de Investimentos	175.000.000,00	Variable BEI	2009	2024
Préstamos en francos suízos (2)	32.714.057,34			
Banco Europeo de Investimentos	32.714.057,34	6,90	2005	2006
Total xeral	1.799.258.721,92			

(1) Revisable o 15.09.2008.

(2) Contravalor en euros con tipos de cambio o 31.08.2004.